

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ALIAD ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa entidade Aliad Ultreia o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aliad Ultreia para:

- A adquisición de equipamento e mobiliario para vivenda e oficina, incluídos equipos informáticos das instalacións do centro de acollida para mulleres en contextos de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata.
- Obras de reforma/rehabilitación
- A adquisición dun vehículo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A entidade Aliad Ultreia **é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia co número de rexistro E-0178, cuxo fin é a promoción dunha mellora na calidade de vida de homes e mulleres a través da atención integral a persoas en risco de exclusión social**

A entidade é titular dunha vivenda para mulleres en contextos de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de



violencia de xénero, e compre os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Esta vivenda de transición a unha vida autónoma ten como obxectivo proporcionar ás mulleres que viven en contextos de prostitución e/ou son vítimas de trata de persoas con fins de explotación sexual un espazo seguro para levar a cabo un proceso de recuperación persoal e de autonomía plena para lograr a súa integración social, cultural e laboral.

Está integrada na Rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e ten como finalidade proporcionar aloxamento así como un espazo de protección que proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención ás persoas destinatarias do recurso. Acoller, protexer, dar seguridade, apoio profesional así como proporcionar un fogar e certa independencia económica é fundamental para abordar de xeito integral o proceso de recuperación e restablecemento das mulleres que viven esta situación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa entidade Aliad Ulteira para o financiamento dos investimentos previstos realizar no dito centro, para poder ofrecer uns centros de acollida axeitados e equipados e que contén cunha infraestrutura idónea.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar recursos de acollida ás mulleres en contextos de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata axeitados e cuns espazos de confort para atender a un colectivo especialmente vulnerable. Forma parte da Rede Galega de Acollemento recollida no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e como tal presta un servizo



non só de acollida senón que realiza un acompañamento e asesoramento integral, nos aspectos psicolóxicos, xurídicos, sociolaborais, ás mulleres que el residen.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que hai que ter en conta a especificidade das características do proxecto que se vai a levar a cabo e a ausencia no ámbito territorial da provincia de Lugo de entidades alternativas que dispoñen dos espazos e persoal axeitado para a acollida, valoración e diagnose que lle permite ao profesional acoller á muller que fai unha demanda urxente de protección e condicións de seguridade, así como a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

